

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

RESOLUCIÓN do 21 de outubro de 2015, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se nomea o tribunal cualificador do concurso-oposición para o ingreso na categoría de enfermeiro/a, convocado pola Resolución do 10 de decembro de 2014, modificada pola Resolución do 24 de abril de 2015.

Mediante a Resolución desta dirección xeral do 10 de decembro de 2014 (*Diario Oficial de Galicia* nº 242, do 18 de decembro) convocouse concurso-oposición para o ingreso na categoría de enfermeiro/a.

Mediante a Resolución do mesmo órgano, do 24 de abril de 2015 (*Diario Oficial de Galicia* nº 82, do 4 de maio), modificouse o anexo I da antedita resolución, ampliando o número de prazas convocadas e reabrindo o prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso.

Na súa base sétima dispónse que o tribunal cualificador do concurso-oposición será nomeado pola autoridade convocante cunha antelación mínima dun mes ao da data de realización das probas, e publicarase para este efecto a oportuna resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

De conformidade coa antedita base, esta dirección, como órgano convocante do proceso,

ACORDA:

Primeiro. Nomear os membros do tribunal, titulares e suplentes, que xulgarán o proceso selectivo para o ingreso na categoría de enfermeiro/a convocado pola Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, do 10 de decembro de 2014, modificada pola Resolución do 24 de abril de 2015, e que aparecen relacionados no anexo desta resolución.

Segundo. Declarar de aplicación a este proceso as normas de funcionamento e actuación dos tribunais e do persoal colaborador negociadas e aprobadas na Mesa Sectorial de Sanidade de data 16 de xuño de 2015, publicadas á disposición das persoas interesadas na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).



Terceiro. Esta resolución producirá os seus efectos a partir do mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2015

Margarita Prado Vaamonde
Directora xeral de Recursos Humanos

ANEXO

Categoría	Composición	Apelidos e nome	
Enfermeiro/a	Presidente/a titular	Rúa Moure, M ^a Jesús	Persoal estatutario de xestión e servizos. Grupo técnico da función administrativa
	Secretario/a titular	Rodríguez Cabo, Esperanza	Persoal estatutario de xestión e servizos. Grupo técnico da función administrativa
	Vogal titular	Calvo López, Juan Manuel	Persoal estatutario diplomado sanitario. Enfermaría.
	Vogal titular	Díaz López, Manuel	Persoal funcionario do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia
	Vogal titular	García Calvo, Felipe	Persoal estatutario diplomado sanitario. Enfermaría.
	Vogal titular	Lafuente Franco, Beatriz	Persoal estatutario diplomado sanitario. Enfermaría.
	Vogal titular	Rodríguez Riveira, Amelia	Persoal estatutario diplomado sanitario. Enfermaría.
	Presidente/a suplente	García Souto, Jorge	Persoal estatutario de xestión e servizos. Grupo técnico da función administrativa
	Secretario/a suplente	Castelao Boga, M ^a José	Persoal estatutario de xestión e servizos. Grupo de xestión da función administrativa
	Vogal suplente	Morán Losada, Francisco	Persoal estatutario de xestión e servizos. Grupo técnico da función administrativa
	Vogal suplente	Rodríguez Pérez, Bárbara	Persoal estatutario diplomado sanitario. Enfermaría
	Vogal suplente	Sánchez Romeu, Antonio	Persoal estatutario diplomado sanitario. Enfermaría
	Vogal suplente	Sánchez Sánchez, José Rubén	Persoal estatutario diplomado sanitario. Enfermaría
	Vogal suplente	Vale Iglesias, M ^a Florentina	Persoal estatutario diplomado sanitario. Enfermaría

CVE-DOG: nsh1mib1-zl1-rxu0-8nb9-hyzfdmkpm1c1

